



DATOS IDENTIFICATIVOS

Terminoloxía en Tradución

Materia	Terminoloxía en Tradución			
Código	V01M128V01104			
Titulación	Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Galanes Santos, Iolanda Gloria			
Profesorado	Fernández Rodríguez, Aurea Galanes Santos, Iolanda Gloria			
Correo-e	iolag@uvigo.es			
Web	http://paratraduccion.com/limiares/terminoloxia/			
Descrición xeral	Neste curso trátanse contidos terminolóxicos relacionados coa tradución e a interpretación de textos especializados. A modo de introdución, realízase unha caracterización da terminoloxía e das linguas de especialidade, dos ámbitos temáticos, dos xéneros textuais e das tipoloxías documentais. Analizaranse os problemas terminolóxicos de tradución, a importancia do traballo de corpus para documentar solucións e as estratexias tradutoras, así como o concepto de variación terminolóxica, homonimia, polisemia (metáfora terminolóxica) e sinonimia.			

Competencias

Código	
CB6	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
CB9	CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades
CG4	Adquirir conocimientos, habilidades y destrezas en el campo de la traducción especializada y de la mediación cultural.
CG6	Saber identificar un objeto de investigación, formular hipótesis, emplear una metodología apropiada, analizar y presentar resultados.
CG8	Ser capaz de integrar los conocimientos adquiridos y tener capacidad para enfrentarse a la complejidad de formular juicios a partir de entornos nuevos o poco conocidos y con una información que, siendo incompleta o limitada, incluya reflexiones sobre las responsabilidades sociales y éticas vinculadas a la aplicación de sus conocimientos y juicios.
CE1	Capacidad para aplicar los principios prácticos de la investigación empírica en T/I en su doble vertiente experimental y observacional y para desarrollar el procesamiento de la información en su aplicación al estudio de T/I.
CE2	Capacidad para diseñar trabajos experimentales, observacionales y estudios de campo en T/I y para desarrollar en la práctica esos principios mediante la elaboración, presentación y discusión de proyectos reales de investigación empírica en T/I.
CE3	Capacidad para analizar, reconocer y evaluar la transcendencia ideológica y sociocultural de una política de traducción para una cultura o comunidad.
CE7	Conocer a nivel avanzado los métodos de investigación empírica más importantes aplicables a entornos laborales concretos de la interpretación, en especial en los servicios públicos y en las conferencias internacionales.
CE9	Dominar tanto las habilidades de redacción de un trabajo de investigación que incluya todas y cada una de las secciones que la investigación empírica exige como las habilidades de presentación y defensa pública de un trabajo empírico de investigación.
CT1	Construir una visión holística de los fenómenos de traducción, interpretación y paratraducción en relación con otras actividades y disciplinas científicas.

CT3	Conocer a nivel avanzado los métodos de investigación empírica más importantes aplicables a entornos laborales en especialidades y disciplinas relacionadas con la traducción y la interpretación.
CT4	Aprender a diseñar, planificar y realizar un trabajo empírico de investigación, ya sea observacional, experimental o un trabajo de campo, entrevista o cuestionario para la investigación.
CT6	Planificación y desarrollo de ensayos escritos y presentaciones que contengan formulaciones originales, utilicen una metodología rigurosa, y establezcan los parámetros de interpretación crítica adecuada sobre la relación entre traducción/intepretación y otras disciplinas.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Profundar no coñecemento das linguas de especialidade e as súas terminoloxías aplicadas á tradución especializada e ás súas estratexias	CB6 CG4 CG6 CE1 CE9 CT1 CT3 CT4
Desenvolver capacidade crítica ante o texto orixinal e ante posibles solucións terminolóxicas do texto meta, especialmente no referido á avaliación de ferramentas terminográficas, lexicográficas e documentais para a tradución especializada	CB6 CB9 CG4 CG6 CE1 CE3 CE9 CT1
Adquirir unha metodoloxía sistemática de investigación terminolóxica no referido á constitución de corpus, extracción de termos, identificación de candidatos a termo e tratamento semántico destes	CG4 CG6 CG8 CE2 CE9 CT3 CT4 CT6
Afondar no coñecemento, descrición e explicación da sinonimia, a homonimia e a variación terminolóxica para explicitar os procedementos de decisión terminolóxica para o tradutor e o intérprete	CB9 CG4 CG8 CE9 CT4 CT6
Desenvolver a responsabilidade de motivar razoadamente calquera solución terminolóxica para o traballo de tradución e interpretación e dotar o alumnado de argumentos científicos para tal xustificación	CB6 CG4 CG6 CG8 CE1 CE3 CE9 CT1 CT3
Ampliar o coñecemento sobre investigación en tradución especializada	CB6 CG6 CE1 CE3 CE7 CE9 CT1 CT3 CT4 CT6

Contidos

Tema	
0. Introducción Que é a terminoloxía? Funcións e usuarios	A terminoloxía como disciplina. Termo vs. Palabra. Terminoloxía vs. Lexicografía. Terminoloxía vs. Terminografía
1. Sistemas de comunicación especializados: o papel da terminoloxía	

2. Métodos e produtos terminográficos	Modelos de xestión terminolóxica
3. Fontes de documentación terminolóxica para a tradución e a interpretación	Tipos de fontes. Documentación xeral Documentación especializada. Documentación lexicográfica e terminolóxica. Documentación terminográfica
4. Fontes documentais	Selección de fontes documentais para a Tradución e a Interpretación.
5. Calidade dos produtos terminográficos	Extracción terminolóxica
6. Calidade dos termos	Criterios de avaliación A variación terminolóxica
7. Neoloxismos e metáforas	Clasificación Criterios de identificación
8. Terminoloxía e lingüística de corpus	Conceptos básicos sobre documentación
9. Tipos de corpus: Definición	Tipos: monolingües, bilingües, multilingües. Criterios de selección segundo nivel de especialidade, unidade temática, unidade do período, diacronicidade e lugar
10. Aplicación práctica	Constituír un corpus útil para o traballo de Tradución e interpretación

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	5	25	30
Resolución de problemas	1	10	11
Estudo de casos	2	20	22
Traballo tutelado	1	70	71
Presentación	2	10	12
Exame de preguntas obxectivas	0	3	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Descrición xeral da materia. Obxectivos. Competencias. Planificación. Avaliación
Lección maxistral	Sesións de exposición de contidos teóricos básicos en fórmula dialóxica co alumnado
Resolución de problemas	Resolución en aula de modo individual ou en grupo de exemplos de problemas e estratexias tirados de casos reais
Estudo de casos	Achegamento á estrutura nociónal dunha determinada área de coñecemento. Análise dos textos e fontes documentais
Traballo tutelado	Todo o alumnado deberá elaborar de modo individual un traballo seguindo as directrices que as docentes proporcionan en horas de aula e o seu asesoramento individualizado en sesión de tutoría
Presentación	O alumnado deberá presentar os resultados do traballo tutelado, ante os seus compañeiros/as e docentes

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en tutorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma Moovi: https://moovi.uvigo.gal/ , así como as aplicacións do Campus Remoto da Universidade de Vigo

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	A sesión maxistral avaliarase por test ou por asistencia presencial ou mixta. Durante o curso as docentes irán comprobando a adquisición de coñecementos a través da fórmula dialóxica. Se a situación o require afianzarán os coñecementos e comprobarán as competencias adquiridas a través de formularios tipo test PARA O ALUMNADO NON ASISTENTE O TEST SERÁ OBRIGATORIO (20%)	20	CG6 CE1 CT1 CG8 CE3 CT3 CT4
Traballo tutelado	Cada estudante deberá presentar un traballo de investigación en que amose a adquisición de competencias. Trátase dun traballo individual, dirixido en aula e con apoio a través de Moovi e de ser o caso do Campus Remoto da Universidade de Vigo	70	CG4 CE1 CT1 CG6 CE2 CT3 CG8 CE3 CE9
Presentación	Valorarase a claridade e precisión da presentación do traballo. Tamén será obxecto de atención a corrección e adecuación formal na exposición de contidos especializados	10	CE1 CT1

Exame de preguntas obxectivas	De modo alternativo e se fose necesario as docentes resérvanse a posibilidade de valorar os contidos teóricos a través de proba obxectiva. que computará o 20%	0	CB6 CG4 CE2 CT1 CT4 CT6
-------------------------------	--	---	-------------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi ou do Campus Remoto e estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas etc. Este curso está formulado para alumnado asistente ás aulas na súa modalidade presencial ou mixta.

A **avaliación continua** implica a asistencia regular a clase (presencial ou mixta) ou no seu defecto a titorías, a entrega dos traballos e exercicios que se requiran en proporción non inferior ao 80%. A avaliación realizarase con base no traballo de aula e nos exercicios (20%) e mais na entrega e defensa dun traballo de investigación orixinal individual (80%) elaborado segundo as indicacións das docentes. O traballo deberá presentarse por escrito e ten que ser defendido oralmente de xeito presencial ou, no seu defecto, por SKYPE (70%+10%) ou a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo. A defensa do traballo realizarase fóra do período de docencia.

Avaliación única: O alumnado que opte pola avaliación única será avaliado con base nun test sobre contidos de teoría (20%) e un traballo de investigación individual orixinal elaborado segundo as indicacións das docentes. Este traballo será entregado por escrito (70%) e será obxecto de defensa oral (10%). A defensa do traballo realizarase fóra do período de docencia.

En segundas e posteriores convocatorias: o alumnado de avaliación continua presentará por escrito un traballo de investigación orixinal e individual elaborado con base na corrección e avaliación da primeira convocatoria. Pola súa banda, o alumnado de avaliación única deberá realizar un test (20%) e presentar por escrito un traballo de investigación orixinal e individual (80%) elaborado segundo as indicacións e titorización das docentes.

Para superar a materia cómpre que se superen cada unha das partes que se avalían (mínimo 5/10 en cada proba). En todo caso, as docentes resérvanse o dereito a realizar unha proba teórica para comprobar que se adquiriron os coñecementos teóricos da materia. Será obxecto de sanción (0 puntos) o plaxio total ou parcial en calquera dos traballos ou test que se presenten a avaliación.

En caso de emerxencia sanitaria ou restricións da asistencia activarase a modalidade mixta, de xeito que unha parte do estudantado permanecerá na aula ao tempo que a outra parte seguirá a clase a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo dun modo síncrono. O establecemento de quendas de asistencia é tarefa da dirección do centro (Decanato). Esta mesma fórmula síncrona será a escollida en caso de que non sexa posible ningún tipo de presencialidade.

As metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas tanto na modalidade mixta como na presencial, mentres que os grupos e as quendas de asistencia se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria vixente no período de docencia deste curso.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cabré, M. T.; Freixa, J.; Tebé, C., **Terminología y conocimiento especializado: III Simposio Internacional de Verano de Terminología** Las fuentes del conocimiento especializado y la terminología, Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 2003

Fernández Rodríguez, Á., **La terminología en/para la traducción de textos especializados.**, Comares, 2013

Fernández Rodríguez, Á., **La traducción económica del concepto a la denominación. El caso de activo financiero**, 2016

Fernández Rodríguez, Á./ Galanes Santos, I., **La crise hypothécaire et ses dénominations**, 2015

Galanes Santos, I., **El redactor periodístico ante el neologismo. Estrategias comunicativas para reexpresar los conceptos de la crisis económica mundial**, <http://dx.doi.org/10.6035/MonTI.2019.ne5.5>, En: Montero Küpper, Silvia; Montserrat Vázquez Ges, 2019

Galanes Santos, I., **La crisis económica mundial: un concepto complejo con múltiples denominaciones**, 2016

Galanes Santos, I./ Fernández Rodríguez, Á., **La economía está enferma - l'économie est malade. Cronología de la crisis a través de la terminología metafórica**, DOI: 10.7764/onomazein.tradecneg.02, ONOMÁZEIN Número especial V, 114-133, 2019

Montero Martínez, S.; Buendía, M.; Faber Benítez, P., **Terminología para traductores e intérpretes: una perspectiva integradora**, 2ª edición, Tragacantos., 2011

Bibliografía Complementaria

Lakoff, G. & Johnson, M., **Metaphors We Live By**, The University of Chicago Press, 1980

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Máster/V01M128V01219

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Metodoloxía da Investigación/V01M128V01102

Tecnoloxías e Ferramentas Lingüísticas/V01M128V01103

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

En caso de alerta sanitaria ou restrición activarase a modalidade presencial mixta, no que unha parte do estudiantado permanecerá na aula ao tempo que a outra parte seguirá a clase dun modo síncrono. En caso de que non sexa posible a presencialidade, activarase a modalidade de docencia a distancia a través do Campus Remoto. O alumnado que non poida seguir a aula en modalidade mixta de modo síncrono pasará á modalidade non presencial. Non se considera a posibilidade de docencia mixta asíncrona.

As metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas tanto na modalidade a distancia, na mixta como na presencial, mentres que os grupos e as quendas se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria vixente no período de docencia deste curso.

A docente se reserva a posibilidade de substituír a proba teórica a distancia por un exame oral por Campus Remoto en caso de que non sexa posible acreditar a identidade do alumnado que se se examina.
